

Último alento

Unha laranxa partida pola metade ocupa a parte central da cuberta de *Días do final*. Na parte superior, o branco da vida, no inferior, o negro da morte. Fermosa metáfora para conter a esencia dunha obra que é un verdadeiro canto á sensibilidade, unha fervenza das emocións, sensacións e impresións que a todos e todas nos pasaron algunha vez polo corazón ao ver que a existencia de alguén que queríamos ía deterse sen que se puidese facer xa nada.

Esta *Días do final* é a segunda obra en prosa de Manuel Pereira Valcárcel -despois de *Traxectos curtos* (2005)-, pero quizais fose máis acaído dicir que é a súa sexta produción lírica, tal é a poesía que percorre estas liñas en que, ao igual que na cuberta, o branco e o negro se entrecruzan na literatura como tamén o fan na realidade. A morte, anunciada xa dende a primeira páxina, do pai da voz narrativa que se dirixe ao lectorado é o marco que envolve esta historia. Pola contra, a esperanza, semella ser o leitmotiv que a guía, o que consegue transmitirnos os sentimentos do protagonista e dos outros familiares de enfermos que percorren as páxinas deste poema en liña longa.

Cun escrito en escenas breves, que se van encadeando unhas con outras (ás veces dun xeito un tanto forzado), o autor consegue trasladarnos dende as frías salas de hospital en que os reloxios parecen deterse, ata a calidez da aldea, coas súa paisaxe e a súa paisanaxe coñecida, onde todo crea a ilusión de volver ser coma antes e a máquina do tempo volve funcionar, de novo, con normalidade. Entre reflexións sobre a doenza, a deshumanización dos complexos clínicos e a profesionalidade de moitas médicas e médicos vanse mesturando fazañas deportivas e vivencias persoais que encenden a verosmellanza da narra-

Canto á sensibilidade



MONTSE PENA PRESAS



ción e que lle restan sentimentalismo. Un sentimentalismo que, ademais, se proporciona nas doses xustas, nas que alenta a emoción, agasallándonos con sentenzas que se gardarán na memoria para cando se precisen: “cada bágoa é a infancia que fica en nós retida”. Alén disto, os versos de poetas e as frases de diferentes escritores (Valle-Inclán, Emily Dickinson, Martí i Pol) incitan á reflexión e amosan que o binomio da literatura e a morte ten propiciado algunhas das máis fermosas pasaxes na his-

toria da literatura.

Todo isto é recollido nunha escrita espida, sen artificios, que é posible que non guste a moitos, mais da que gozarán intensamente os que crean que a mellor arte literaria é, tan só, a que transmite coa máis verdadeira e fonda sinxeleza o cruce de opostos da existencia. Non obstante, se algunha pexa se lle pode pór a estas liñas é a de contar cunha construción narrativa un chisco feble, na que se percibe abundantemente o longo oficio de poeta de Manuel Pereira. Mais se o lectorado é do que adoita somerxerse nos versos, o camiñar pola redacción breve, que procura a profundidade, convertírase no inesperado pracer agasallado dunha obra en prosa. *Días do final* non constitúe, ao fin e ao cabo, unha novela, tampouco un conxunto de relatos. Estes son, sen etiquetas xenéricas, os derradeiros retallos dunha vida.

ESTAMOS
DIANTE DUNHA
FERVENZA DE
EMOCIÓNS QUE
A TODOS NOS
ATINXE

Porén, o máis impresionante destas páxinas é a súa condición de diario dunha enfermidade terminal dende a ollada lúcida, tamén dorosa, do fillo de quen a está a padecer. A delicada e sentida relación paterno-filial que se transloce, dicindo pouco e suxerindo moito, non pode senón lembrarnos aquela fermosa frase de Castelao: “todos somos nenos nos colos das nosas nais”.

PEREIRA VALCÁRCEL,
Manuel, *Días do final*, Ed.
Galaxia, Vigo, 2007,
57 páxinas